



APROVEITAR A CRISE PARA ACCELERAR O CAMBIO DE MODELO DE CRECIMENTO


I. APROVEITAR A CRISE PARA ACELERAR O CAMBIO DE MODELO DE CRECEMENTO

I.1. INTRO

A senda de crecemento estable que viña mantendo a economía galega viuse alterada de súpeto polo impacto da pandemia COVID-19 e os efectos das medidas de illamento social que se aplicaron para conter a súa expansión.

Este shock socio-sanitario e económico non é exclusivo da nosa comunidade autónoma senón que adquire unha dimensión mundial e muda de xeito rápido ao ritmo da expansión da pandemia polos diferentes países.

Gráfica I. Indicadores da actividade mundial. Promedio móbil de tres meses en variación porcentual anualizada. FMI,
PMI=índice de xerentes de compras.



Malia que é difícil que non xurdan paralelismos entre a situación actual e a grande crise, a actual perturbación económica garda unhas características propias que a diferencia moito da grande crise de 2008-2014. A ameaza ten trazos ben distintos agora:


- en primeiro lugar pola súa orixe moi diferente, e que leva aparellada a súa propia alta dose de incerteza en función do éxito das medidas de saúde pública de cada país, do

comportamento do virus en termos reinfección, das diferentes taxas de letalidade de cada territorio e do tempo que se trate en atopar unha terapia efectiva ou unha vacina.

- a velocidade é moito maior, e o impacto máis xeralizado, de xeito que a urxencia para que a política económica responde é máis acuciante.

No que refire a Galicia, logo dunha senda de crecemento ininterrompido dende 2014, esta perturbación suporá unha caída sen precedentes (no 2009 caeu un 3,9%) do PIB en torno ao 9,7% respecto ao pasado exercicio, pola contra segundo se explica no apartado macroeconómico do informe se espera un forte repunte no 2021 en torno ao 8% axudado por uns orzamentos que apostan con forza polo investimento produtivo e que blindan o gasto socio-sanitario.

Gráfica II. Galicia Evolución do PIB nominal 2003-2019. INE e previsións 2020 e 2021. IGE



Dadas as anteriores características da crise, a Xunta de Galicia actuou axiña, en canto se acenderon as alarmas da emerxencia, a partires da declaración de pandemia mundial pola OMS, fixando de xeito claro tres obxectivos de política económica inmediatos:

1. Facilitar a eficacia das políticas de saúde pública
2. Minimizar a perda de rendas e empregos durante o período de perturbación da actividade económica.
3. Manter a liquidez e o funcionamento ordenado dos sistemas de pagos dentro das súas competencias.

Estes se complementan cun cuarto obxectivo que será, co permiso da evolución da pandemia o gran protagonista de 2021.

4. Impulsar políticas de reactivación que fagan crible unha recuperación en V da economía e o carácter temporal de esta perturbación.

No que atinxe ao eido económico polo miúdo, o impacto na economía da forte baixa da actividade, o confinamento e a incerteza fan precisas medidas coordinadas e de alcance para superar a situación actual, recuperar o pulso económico e eliminar incertezas, todos os poderes públicos deben sumar forzas na mesma dirección en función da súa capacidade fiscal.

Neste sentido, a Xunta de Galicia impulsou medidas políticas sen precedentes no 2020, xerando, reprogramando e redirixindo os recursos existentes cara medidas de saúde, apoio social e dinamización económica.

Así mesmo, consciente da magnitude do reto, Galicia solicitou a administración xeral do Estado un novo marco financeiro plurianual, un fondo extraordinario para financiar as medidas de choque contra a pandemia e a revisión do sistema de financiamento eliminando as previsibles futuras liquidacións negativas.

Todo isto porque o sistema de financiamento autonómico non está deseñado para facer fronte a perturbacións extraordinarias como a presente. Como se pode apreciar, esta impacta de cheo nas políticas de gasto competencia das comunidades autónomas, ben de xeito case absoluto, como no caso da sanidade e a educación ou moi importante, como a política social (un 33% do gasto nacional é autonómico se excluimos as pensións) ou as actuacións en “asuntos económicos” en terminoloxía de contas nacionais, no que as actuacións das CCAA superan o 34% do gasto total. Por tanto un acontecemento do alcance que estamos a vivir debe implicar unha resposta inmediata e contundente das administracións públicas e un replantexamento adaptativo da distribución vertical ou entre administracións públicas dos recursos financeiros cara as que están a soportar gastos extraordinarios.

Medidas impulsadas para reaccionar fronte ao impacto inicial da pandemia no 2020.

A Xunta de Galicia impulsou medidas políticas sen precedentes no 2020, xerando, reprogramando e redirixindo os recursos existentes cara medidas de saúde, apoio social e dinamización económica.

No que refire ás medidas tomadas, estas se condensan no Plan de reactivación e Dinamización, o obxecto do Plan é o seguinte

I. Tomar medidas que contrarresten o impacto da crise nas familias máis necesitadas económica ou asistencialmente, en especial aquelas con cativos e/ou maiores, garantindo o seu nivel de benestar.

II. Impulsar medidas efectivas no mercado de traballo que permitan compensar os efectos dos ERTES e da perda de Emprego, adaptarse a novas formas de traballo como o teletraballo e a dixitalización, adquirir as habilidades precisas para atopar un novo Emprego e apoiar a os autónomos na adaptación dos seus negocios á nova realidade como ao financiamento dos custes fixos no período de confinamento.


III. Diseñar e executar axiña medidas de dinamización e fomento sectorial, en especial nos eidos dos sectores agrogandeiro e agroindustrial, pesqueiro e marisqueiro, industria transformadora, transporte, cultura e turismo, con especial atención nas micro pemes e autónomos. Garantir a liquidez do sistema acelerando os pagos da administración e blindando os seus recursos públicos, así como adiando o reembolso de préstamos e o pagamento dos tributos autonómicos devindicados.

Para elo o plan acelera actuacións xa iniciadas, redeseña outras novas máis adaptadas á nova realidade e mobiliza todos os recursos orzamentarios e extraorzamentarios posibles.

O antedito plan artéllase como un Plan de plans, que trata de encaixar todas as liñas de actuación coa mobilización orzamentaria que elo conleva, este debe ser obxecto de detalle a nivel sectorial con diagnoses particularizadas, explicación do contido das medidas e indicadores de obxectivos e poboación diana.

Financeiramente, o impulso de estas actuacións de reforzo e dinamización suporán en proxección orzamentaria a peche de 2021, un gasto suplementario de máis de 440 millóns de euros en sanidade, máis de 188 millóns de euros en apoio a traballadores, autónomos e sectores produtivos, máis de 110 millóns de euros en apoio ao sistema educativo, SUG incluído e máis de 81 millóns de euros a actuacións de política social.

Gráficas III e IV. Orzamento inicial(azul) e previsións de cerramento. (Data outubro de 2020). / Destiño dos proxecións de gasto adicionais.




A etapa de establecemento da estratexia dos orzamentos supuxo unha primeira oportunidade para reevaluar o impacto destas medidas e comezar a planificar para levar as finanzas públicas sobre unha base firme. Ao establecer a estratexia xeral para o orzamento 2021, a Xunta debe aprender do acontecido durante 2020, redeseñar as medidas

que non funcionaron e reforzar as que si o fixeron, compre ademais recoñecer e afacerse ao grao excepcional de incertidume macroeconómica e o seu impacto en posibles novas necesidades así como nos ingresos, e optar por un enfoque prudente que reserve marxe de manobra para novas perturbacións, fixando unha orientación a medio prazo para a planificación fiscal e a orzamentación.

Por iso se crea un sistema de fondos que permita mobilizar en eixes prioritarios grandes volumes de investimento, cuxa execución se pode acelerar ou adiar segundo evolucionen as circunstancias, preservando a asignación funcional dos recursos.

Gráfica V. Orzamento 2021, constelación de fondos



Obviamente o contido destes fondos son proxectos de gastos concretos aliñados coas prioridades estratéxicas da Xunta en cada eido con obxectivos e indicadores concretos, agás no caso do fondo consenso que se preserva para impulsar as actuacións que se perfilen froito do diálogo social e parlamentario, para as que tamén se esixirá un enfoque por proxectos e uns obxectivos e indicadores concretos.

Como se indica na páxina terceira deste informe, o cuarto obxectivo de política económica se centra no impulso das medidas de reactivación económica. Tendo ben claro que esta reactivación debe realizarse a partires da aceleración da modernización dos sectores produtivos que aposten por un maior valor engadido dos seus produtos en base á innovación e ao deseño, e sexan máis competitivos, dixitais, e respectuosos co medio ambiente. E, por suposto, todo isto sen deixar a ninguén atrás, a recuperación debe ser inclusiva e debe chegar a todos os galegos, minorando as fendas de desigualdade detectadas ou que poidan xurdir.

É preciso seguir a tomar medidas, algunhas das lección que puidemos extraer da primeira fase da pandemia e da acción de goberno da Xunta son as seguintes:

I. Unhas infraestruturas hospitalarias de calidade e un bo deseño das actuacións de saúde pública, aproveitando os recursos de primaria, foron determinantes do bo resultado comparativo do impacto da pandemia en Galicia. Compre profundizar nese camiño.

II. A Xunta de Galicia debe seguir a realizar un seguimento en tempo real dos acontecementos, e a reaccionar tomando decisións e deseñando medidas de xeito áxil perante unha realidade que muda de xeito acelerado.

III. As medidas deben ser de impacto, orientadas a obxectivos concretos e deseñadas a medida dos beneficiarios, simplificando trámites.

IV. É preciso monitorizar as medidas para garantir que son efectivas e acadan o obxectivo pretendidos.

V. É preciso contar coas propostas e información dos axentes económicos, así como a súa implicación activa na superación da perturbación, en especial no eido sanitario o mantemento dun comportamento e colaboración responsables.

VI. Por último, non se pode esquecer que as épocas de crise son tamén épocas de renovación e innovación, compre aproveitar a necesidade de facer cambios para reforzar e facer máis competitiva a nosa estrutura produtiva, mercado de traballo e funcionamento da administración.

Todos estes aspectos son os que rexen a política asignativa do orzamento 2021 e a selección de proxectos a financiar para reactivar a economía, e tamén a acción reformista do goberno que acompañará os novos recursos con medidas de dotación de medios, reorganización e simplificación e axilización administrativa que permitan viabilizar os proxectos programados.

I.2. #Galicia_reactívase

Como sinala o anterior punto introdutorio, é preciso seguir a tomar medidas para superar os efectos socioeconómicos da pandemia. E, malia que o Plan de reactivación e dinamización 20-21, presentado o pasado mes de xuño recollía actuacións de cara a mobilizar 3.000 millóns de euros no 2020 e 2021, as contas orzamentarias para 2021 son unha peza clave para reforzar a liñas de actuación que xa destacaban nese plan.

Achega de recursos extraordinaria para apoiar con forza a saída da crise.

A seguinte gráfica permite apreciar o esforzo financeiro extraordinario que se realiza a través dos orzamentos 2021 e a súa concentración nos investimentos produtivos para financiar a reactivación así como no financiamento das políticas públicas básicas que sopor-
tan custes extraordinarios por mor da pandemia.

Cadro I. Deconstrución do orzamento consolidado da comunidade autónoma

Distribución económica					
Capítulos	Inicial 2021	Déficit extraordinario	Fondos extraords covid	REACT UE	Final 2021
I Gastos de persoal	4.124		182		4.306
II Gastos en bens correntes e servizos	1.854		159	0	2.013
III Gastos financeiros	100		0		100
IV Transferencias correntes	2.460		71	65	2.596
OPERACIÓNS CORRENTES	8.538		412	65	9.015
V Fondo de continxencia	45				45
VI Investimentos reais	683	383	227	242	1.535
VII Transferencias de capital	558	241	46	123	968
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.241	624	273	365	2.503
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.824	624	685	430	11.563
VIII Activos financeiros	183	61			244
IX Pasivos financeiros	1.590				1.590
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.773	61			1.834
Total	11.597	685	685	430	13.397

Como pode comprobarse a Xunta esgota ata o límite toda a súa capacidade financeira, aportando 1.800 millóns de euros ao orzamento ordinario, que sería un orzamento equivalente co obxectivo de estabilidade aprobado en febreiro de 2020 para 2021 e sen fondos extraordinarios. De estes 477 se dedican a operacións correntes e o resto a operacións de capital.

1.3. ORZAMENTOS 2021. O SOPORTE FINANCEIRO DA REACTIVACIÓN

1.3.1. O semestre europeo 2020

A Comisión Europea (CE) estableceu no 2011 o nomeado «Semestre Europeo», co gallo de mellorar as sinerxias entre as políticas económicas dos países que integran a Unión Europea (UE) e aumentar a vixilancia sobre os seus potenciais desequilibrios macroeconómicos, de xeito especial naqueles que pertencen á Unión Económica e Monetaria (UEM) un ciclo anual no que se deseñan e coordinan as políticas económicas e que recolle a análise da situación económica dos Estados membros, así como dos seus plans de reformas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais. A Comisión Europea mudou a dinámica temporal do semestre, para afacerse á realidade e deseñar unhas políticas fiscais reactivas contra a crise que aproveiten o Mecanismos de Recuperación e Resiliencia (MRR en diante), impulsado por ela mesma.

Así o ciclo do semestre europeo se adapta de xeito temporal para coordinarse co MRR, a publicación da estratexia anual de crecemento sostible da comezo a este ciclo,

esta da continuidade ao previsto o pasado ano en torno ao desenvolvemento da European Green Deal e o concepto de competitividade sostible.

Os estados membros haberán de remitir os programas nacionais de reforma e os plans de recuperación e resiliencia nun único documento integrado.


Estes plans proporcionarán unha relación das reformas e investimentos que os estados membros impulsaran en liña cos obxectivos do mecanismo. O informe da Comisión sobre os devanditos plan substituirá o country report de 2021.

So haberá recomendacións específicas por país no eido orzamentario, non sobre axustes estruturais que avaliaranse no anterior Plan nacional (para os estados membros que os presenten).

Independentemente do anterior a CE seguirá a monitorizar o risco de desequilibrios macroeconómico ao longo do ciclo do semestre co foco posto nos riscos emerxentes dimanantes dos efectos da pandemia.

Gráfico VI. Cronograma do novo semestre europeo, Comisión Europea.

Aligning timing: 2021 European Semester cycle



No que atinxe a os obxectivos xerais de programación económica, o Semestre Europeo deste ano recolle a necesidade dos Estados membros de centrarse tanto nas medidas inmediatas para abordar e mitigar as repercusións socioeconómicas da pandemia como nas medidas tendentes a reactivar a economía de forma segura.

As prioridades máis urxentes refiren a os investimentos no eido da sanidade, a axuda á renda dos traballadores afectados, o apoio á liquidez das empresas (polo miúdo as pemes) e as medidas encamiñadas a apoiar unha recuperación simétrica e preservar a integridade do mercado único.

Ao reactivar a economía, os Estados membros deberán concentrarse nunha estratexia de recuperación que estableza os vieiros cara a transición ecolóxica e dixital consonte o Pacto Verde Europeo. O avance cara a un modelo económico máis sostible grazas ao recurso a tecnoloxías dixitais e limpas, pode facer que Europa se coloque á cabeza do movemento de cambio.

Compre prestar especial atención aos proxectos de investimento que se atopen nunha fase avanzada de desenvolvemento e cuxa realización podería acelerarse coa axuda das diferentes iniciativas do plan de recuperación da UE. Por outra banda, os Estados membros terán que abordar as crecentes desigualdades e potenciar o capital físico e humano, co apoio de investimentos e reformas impulsoras do crecemento. Tamén deberán protexer o mercado único, garantir unhas cadeas de subministración resilientes e sostibles e seguir a impulsar un comercio libre e xusto en todo o mundo. As perspectivas económicas mundiais se están a deteriorar. Elo afectará á economía da UE e o mantemento dunha apertura comercial recíproca axudará á recuperación.

Por último, os Estados membros deberán garantir a estabilidade macroeconómica nun contexto máis complexo. Coa adopción a nivel nacional de medidas de política económica sen precedentes e o maior papel do sector público na economía, unha administración pública eficaz, tanto na aplicación de políticas de gasto como de ingreso será unha peza fundamental para acadar os obxectivos plantexados.

O seguimento da capacidade efectiva dos Estados membros de dar unha resposta eficaz á crisis é un elemento esencial do Semestre Europeo reorientado de este ano.

Gráfico VII. Prioridades do semestre europeo. CE



Dada a urxencia de iniciar a recuperación, a Comisión pide aos Estados membros que adopten o máis axiña posible o novo marco financeiro plurianual e preparen os programas correspondentes sobre a base das recomendacións específicas por país. A Comisión tamén está disposta a proporcionar aos Estados membros que así o soliciten un apoio para as súas reformas e a axudar ás autoridades a optimizar os fondos da UE.

1.3.2. CLÁUSULA DE SALVAGARDA E PLAN ORZAMENTARIO 2021.

O 20 de marzo de 2020, a Comisión adopta unha Comunicación relativa á activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento. A cláusula, tal como se recolle no artigo 5, apartado 1, o artigo 6, apartado 3, o artigo 9, apartado 1, e o artigo 10, apartado 3, do Regulamento (CE) n.º 1466/97 e no artigo 3, apartado 5, e o artigo 5, apartado 2, do Regulamento (CE) n.º 1467/97, facilita a coordinación das políticas orzamentarias en tempos de grave recesión económica. Na súa Comunicación, a Comisión compartía a opinión do Consello de que, tendo en conta a grave recesión económica que se prevía como consecuencia da pandemia COVID-19, as condicións actuais permitían a activación da cláusula. Ese mesmo mes, os ministros de Finanzas dos Estados membros manifestaron o seu acordo coa avaliación da Comisión. Ademais o pasado mes de setembro repítese o mesmo proceso para seguir a aplicar a devandita cláusula para o exercicio 2021.

A activación da cláusula xeral de salvagarda permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara o obxectivo orzamentario a medio prazo, sempre

que non poña en risco a sostibilidade orzamentaria a medio prazo. No que respecta ao corrector, o Consello pode tamén decidir, previa recomendación da Comisión, a adopción dunha traxectoria orzamentaria revisada. A cláusula xeral de salvagarda non suspende os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento. Permite aos Estados membros non cumprir os requisitos orzamentarios que se aplicarían en condicións normais e á Comisión e ao Consello tomar as medidas precisas de coordinación de políticas no marco do Pacto.

É preciso seguir actuando para limitar e controlar a propagación da pandemia, aumentar a resiliencia dos sistemas sanitarios nacionais, paliar as consecuencias socioeconómicas mediante medidas de apoio destinadas ás empresas e os fogares e garantir unhas condicións axeitadas de saúde e seguridade nos postos de traballo.

A Unión debe empregar con intensidade os distintos instrumentos ao seu dispor para apoiar os esforzos dos Estados membros neses eidos. Ademais os Estados membros e a Unión deben colaborar a fin de preparar as medidas precisas para voltar a un funcionamento normal das nosas sociedades e economías e a un crecemento sostible, integrando, polo miúdo, a transición ecolóxica e a transformación dixital, aprendendo de todas as leccións da crise.

A pandemia COVID-19 está a ter enormes repercusións macroeconómicas e orzamentarias, de magnitude aínda descoñecida. Elo crea un grao de incertidume excepcional, en concreto a hora de deseñar unha orientación crible para a política fiscal, que deberá seguir sendo expansiva a fin de pechar a fenda de produción, ao tempo que garante a sostibilidade da débeda pública e, en última instancia, corrixe o déficit excesivo. Dada esta situación, a Comisión considera que na coxuntura actual non deben adoptarse decisións relativas á aplicación de procedementos de déficit excesivo aos Estados membros.

O 15 de outubro de 2020, o goberno de España presenta o plan orzamentario 2021, coas directrices de orientación de política fiscal para o Reino de España de cara a 2021, este plan está marcado pola situación de emerxencia sanitaria que comeza en marzo de este ano e que se mantén nos meses seguintes á actualización do programa de estabilidade remitido no mes de abril, o que afecta ao contido dos PGE 2021 que recollen, non so as medidas precisas para combater a pandemia e os proxectos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. O antedito plan basease nun escenario con medidas ("policy change scenario") que incorpora as medidas de política económica, medio ambientas e social e de reformas a implementar con recursos europeos, así como os proxectos a financiar co MRR e do React-EU, consonte ao Plan de Recuperacións, Transformación e Resiliencia.

No Plan Orzamentario se explica como por mor da pandemia se pasa dunha senda de déficit aprobada en febreiro de 2020 coa seguinte composición:

Cadro II. Senda de consolidación antiga 21-23 en % do PIB. Ministerio de Facenda

Subsectores	2021	2022	2023
Administración Central	-0,4	-0,3	-0,1
Comunidades Autónomas	-0,1	0,0	0,0
Entidades Locales	0,0	0,0	0,0
Seguridad Social	-1,0	-0,9	-0,8
Total Administraciones Públicas	-1,5	-1,2	-0,9

A esta outra, na que se recoñecen os gastos extraordinarios que están a soportar as CCAA, e que co fin de non tensionar a situación financeira das administracións que son as principais garantes dos servizos públicos fundamentais prestados á cidadanía, tales como educación e sanidade (sectores afectados en especial pola pandemia), a administración Central asumirá no 2021 a metade do seu déficit, o 1,1% do PIB, ao preverse un déficit para o sector do 2,2%.

Cadro III. Plan orzamentario do Reino de España, previsións 2021 en % do PIB. Ministerio de Facenda

Subsectores	2020	2021
Administración Central	-6,6	-2,4
Comunidades Autónomas	-0,6	-2,2
Entidades Locales	0,0	-0,1
Seguridad Social	-4,1	-3,0
Total Administraciones Públicas	-11,3	-7,7

1.3.3. RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS DE POLÍTICAS DOS PAISES DA ÁREA EURO 2020.

De seguido describimos someramente as recomendacións por país da Comisión Europea (CE), por ser a base cualitativa que debe guiar os investimentos que se financien cos recursos extraordinarios mobilizados ao abeiro do mecanismo Next Generation UE.

O 1 de maio de 2020, o Reino de España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2020 e o seu Programa de Estabilidade 2020. Ambos programas foron avaliados conxuntamente para ter en conta as súas interrelacións. Como consecuencia do

exame en detalle realizado pola Comisión e desa valoración, o Consello realiza unha valoración análoga. A recomendacións dimanantes de ambos exames polo miúdo toman en consideración a necesidade de afrontar a pandemia e facilitar a recuperación económica como primeiro paso ineludible para permitir un axuste dos desequilibrios. A recomendacións que abordan directamente os desequilibrios macroeconómicos detectados pola Comisión con arranxo ao artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1176/2011 reflíctense nas seguintes recomendacións de toma de medidas no 2020 e 2021 co fin de:

1. En consoancia coa cláusula xeral de salvagarda, combater con eficacia a pandemia, sostener a economía e respaldar a posterior recuperación de xeito eficaz. Cando as condicións económicas o permitan, aplicar políticas fiscais dedicadas a lograr situacións fiscais prudentes a medio prazo e garantir a sostibilidade da débeda, ao tempo que se fomenta o investimento. Reforzar a capacidade e resiliencia do sistema sanitario, no relativo aos traballadores sanitarios e aos produtos médicos e as infraestruturas esenciais.

2. Respaldo o emprego mediante medidas encamiñadas a preservar os postos de traballo, incentivos eficaces á contratación e o desenvolvemento das cualificacións. Reforzar a protección por desemprego, en especial para os traballadores atípicos. Mellorar a cobertura e a adecuación dos réximes de renda mínima e de apoio á familia, así como o acceso á aprendizaxe dixital.

3. Asegurar a aplicación efectiva das medidas encamiñadas a proporcionar liquidez ás pequenas e medianas empresas e a os traballadores autónomos, en particular evitando retrasos nos pagos. Anticipar os proxectos de investimento público que se atopen nunha fase avanzada de desenvolvemento e promover o investimento privado para impulsar a recuperación económica. Centrar o investimento na transición ecolóxica e dixital, e particularmente no fomento da investigación e innovación, na produción e emprego de fontes de enerxía limpas e eficientes, a infraestrutura enerxética, a xestión dos recursos hídricos e dos residuos e o transporte sostible.

4. Mellorar a coordinación entre os distintos niveis de goberno e reforzar o marco de contratación pública para respaldar a recuperación de forma eficiente.

1.3.4. NEXT GENERATION EU.

A Comisión europea presenta tamén no verán o seu propio plan de dinamización, o novo Instrumento de recuperación recadará cartos elevando temporalmente o límite máximo de recursos propios ó 2% da Renda Nacional Bruta da UE (actualmente atópase nun 1,2%) Esta marxe máis ampla de financiamento permitirá que a Comisión Europea poida pedir prestados 750 mil millóns de euros nos mercados financeiros.

Este financiamento adicional canalizarase a través dos programas da UE e será reembolsado nos futuros orzamentos a longo prazo da UE, non antes de 2028 nin despois de 2058.

Next Generation EU (750 mil millóns de euros) xunto coa cifra xa proposta do Marco Financeiro Plurianual (MFP) 2021-2027 (1,1 billóns de euros) incrementarán o orzamento a longo prazo da UE ata os 1,85 billóns de euros.

Ademais, a Comisión Europea propón:

Modificar o MFP 2014-2020 para que estean dispoñibles, xa en 2020, fondos adicionais por valor de 11.500 millóns de euros.

Unha serie de recursos propios. Isto podería incluír un novo recurso baseado en: i) O Réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (ETS); ii) Un Mecanismo de axuste en fronteira para o carbono; iii) As operacións de grandes empresas; iv) Un novo imposto dixital; v) As propostas xa existentes da Comisión de recursos propios sobre plásticos non reciclados e unha simplificación do IVE.

Os cartos recadados por Next Generation EU repartiranse en tres piares:

I) Apoio aos EEMM mediante o investimento e as reformas.

Un novo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia de 737,5 mil millóns de euros, integrado no Semestre Europeo que ofrecera apoio financeiro para investimento e reformas en consonancia coas prioridades europeas (neutralidade climática, transición dixital) 312,5 mil millóns de euros corresponden a subsidios a fondo perdido e 360 mil millóns, a préstamos. Estará a disposición de todos os EEMM (formen ou non parte da zona euro) e centrarase naquelas zonas da UE máis afectadas e nas que as necesidades relacionadas coa resiliencia sexan maiores.

A Comisión tamén propón unha asignación complementaria para a cohesión, que será superior ó orzamento normalmente dedicado á cohesión no MFP: i) Unha suma de 47,5 mil millóns de euros dos actuais programas da política de cohesión entre agora e 2022 baixo a nova iniciativa REACT-EU, que se asignará en función da gravidade do impacto socioeconómico da crise, incluído o nivel de desemprego xuvenil e o relativo á prosperidade dos EEMM; ii) Unha proposta para fortalecer o Fondo de Transición Xusta ata os 10 mil millóns de euros para axudar ós Estados membros a acelerar a transición climática. iii) Un reforzo de 7,5 mil millóns de euros para o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

Cadro IV .Distribución dos recursos do mecanismos Next Generation EU.CE

PROGRAMA	Tipo	Xestor	IMPORTE TOTAL	IMPORTE ESPAÑA
Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	S	EM	312,500	59,000
	P	EM	360,000	67,000
REACT_EU	s	EM	47,500	12,400
FEADER	S	EM	7,500	729
Fondo de transición xusta	S	EM	10,000	871
Total xestión por estado membro			737,500	140,000
Horizonte Europa	S	UE	5,000	
Invest EU	S	UE	5,600	
Resc EU	S	UE	1,900	
TOTAL			750,000	

2) Reactivación da economía da UE incentivando o investimento privado

Creación dun novo Instrumento de Insolvencia, o que axudará a satisfacer as necesidades de recapitalización das empresas saudables que se atopan en situación de risco debido ó confinamento, sexa cal sexa á súa localización en Europa. Pode estar operativo dende 2020 e terá un orzamento de 31 mil millóns de euros, co obxectivo de mobilizar 300 mil millóns de euros en apoio á solvencia destas empresas.

Un reforzo de 5.600 millóns de euros para InvestEU, para mobilizar o investimento privado en toda a UE.

Creación dun novo Mecanismo de Investimento Estratéxico integrado en InvestEU para xerar investimentos de ata 150 mil millóns de euros que impulsen a resiliencia dos sectores estratéxicos (transición verde e transformación dixital) e as cadeas de valor claves no mercado interno (vg: sector farmacéutico) grazas a unha contribución de 15 mil millóns de euros de Next Generation EU.

3) Extracción das leccións máis inmediatas da crise

Lanzamento de EU4Health, un novo Programa de Saúde, que contará cun orzamento de 9.400 millóns de euros.

Un reforzo de 1.9 mil millóns de euros para rescEU e o Mecanismo de Protección Civil da UE.

Un reforzo de 5.000 millóns de euros para Horizonte Europa (o próximo Programa Marco de Investigación e Innovación) para financiar a investigación en saúde e a transición verde e dixital.

Compre agora que se adopten os acordos políticos precisos o máis axiña posible para mobilizar todos estes recursos,

Galicia co presente orzamento incorpora os fondos REACT sobre os que terá capacidade de xestión directa ao abeiro do acordado no CPFF e está en disposición de pechar a súa programación operativa este mesmo mes, malia que o Regulamento do fondo aínda non está aprobado.

I.4. O orzamento da Xunta de Galicia

Chegamos a este punto concretando un orzamento extraordinario, o máis cuantioso da historia da comunidade autónoma, que aposta polo investimento produtivo como remedio para o shock económico que estamos a vivir, apoiando a dinamización e recuperación dos sectores produtivos e cuxa execución exitosa será clave para a reactivación de Galicia, se a coxuntura pandémica acompaña un pouco.

Porén e unha vez máis, compre salientar que o éxito do mesmo non debe vir da pola cuantitativa senón de como se execute, do contido e a calidade de cada proxecto que se impulse con esta morea de cartos. Por elo será importante como se indica no último punto de este apartado o monitoreo das actuacións para garantir que se executa o orzamento en primeiro lugar e que se cumpren os obxectivos fixados con esta execución en segundo.

Os cadros seguintes son unha mostra da evolución da achega de recursos orzamentarios e da súa composición, intensiva en operacións de capital, xa que en liña coas recomendacións da Comisión Europea se basea en acelerar investimentos para reactivar a economía, isto condicionará a colocación dos recursos nas consellerías máis investidoras na composición orgánica do orzamento.

Do mesmo xeito dende a perspectiva da clasificación económica do orzamento, a gráfica IX mostra como mudan a composición dos pesos dos capítulos de gasto, reforzando os investidores na composición do orzamento pola natureza económica das partidas de gasto.

Esta investimento acelerado ten encaixe no noso orzamento, grazas a un esforzo continuado na preservación do aforro corrente, que se reforza cun recurso extraordinario ao endebedamento e coas novas fontes de financiamento.

Gráfico VIII. GALICIA. Orçamento consolidado evolución do importe das operacións non financeiras

TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS




Gráfico IX. GALICIA. Orçamento consolidado evolución do investimento, do saforo bruto e do recurso ao endebedamento.





Gráfico X. GALICIA. Orzamento consolidado evolución da composición do gasto pola súa natureza



1.4.1. Orientación estratéxica do proceso de elaboración e xestión orzamentaria

No período de confinamento realizouse unha reflexión estratéxica acerca do proceso de xestión do ciclo orzamentario no contexto actual. De seguido descríbense algúns aspectos diferenciais que se tiveron en conta nun exercicio como este no proceso de elaboración e execución de Orzamentos.

1. Revisión da envolvente financeira dos orzamentos e detección das necesidades mínimas de financiamento a defender no Consello de Política fiscal e financeira. Análise dos recursos extraordinarios adicionais como auténticas roldas de financiamento adicional.

2. Revisión do proceso elaboración e negociación dos orzamentos, neste contexto partiuse dun consenso a partir dun enfoque top-down, dende a fixación de obxectivos e metas ata as grandes alocacións financeiras. Compre ademais axustar o calendario orzamentario en función da dispoñibilidade de datos operativos para concretar un orzamento realista, sendo conscientes da importancia que ten clarexar expectativas financeiras o máis axiña posible nun contexto como o actual. A aproximación á data ordinaria fixada no TRLFO aportará certeza e credibilidade ao goberno nun intre no que son moi precisas, por elo realízase unha tramitación acelerada do proceso de elaboración de orzamentos a partires do Consello de Política Fiscal e Financeira de 6 de outubro, pechando na metade de tempo aproximadamente a elaboración do orzamento 2021. Aproveitar as leccións aprendidas no período de confinamento para mellorar o rendemento das aplicacións informáticas do orzamento, as negociacións mediante videoconferencias axilizaron moito

o funcionamento das comisións orzamentarias. Por último compre investir en construír consensos e acordos políticos e cos cidadáns dada a complexidade de determinadas decisións, mediante roldas informativas ou de negociación adicionais cos diferentes axentes, de aí as conversas nas mesas de diálogo social, o apoio á comisión Parlamentaria para a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 e a reserva de recursos para a súa asignación no Fondo Consenso.

Traballo co IGE no deseño de medidas de diagnose temperá para fixar o marco orzamentario, perante a alta incerteza existente no período de programación financeira, foi preciso realizar varios escenarios e ponderalos pola súa probabilidade de acontecemento para fixar a estratexia fiscal.

4. Medidas para manter un marco fiscal crible que xere confianza económica e baixe custes financeiros. Determináanse as necesidades financeiras globais e analízanse as diferentes posibilidades de financiamento entre Tesouro, ATRIGA e Orzamentos. Mantense un escenario a medio prazo que encaixe as medidas extraordinarias no obxectivo de estabilidade a medio prazo.

Unha perspectiva de varios anos permite aos goberno encaixar as medidas urxentes de gasto e as de aforro que se acumulan co tempo ou cuxa implementación se retrasa ata que se acade unha efectiva recuperación. Empregar o escenario a medio prazo para reverter o impacto de medidas one-off. As perspectivas de ingresos e gastos alén de 2021 permiten afacer expectativas de futuro ao impacto temporal da COVID-19 e permiten reflectir una imaxe clara dos riscos fiscais que enfrontará Galicia no futuro. E todo isto estando abertos a replantexar a estratexia fiscal, activando cláusulas de escape se for preciso.

5. Seguimento e Control da efectividade das medidas orzamentarias. Flexibilidade para afrontar novas continxencias. As importantes incertezas afectan á rixidez das institucións orzamentarias, polo miúdo o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e a limitación cualitativa, cuantitativa e temporal do gasto estarán sometidos a fortes tensións. A asignación de recursos neste contexto debe contemplar respectar as seguintes premisas:

a. Garantir a flexibilidade xusta para reasignacións urxentes de fondos a curto prazo, polo múdo no eido sociosanitario.

b. Dar marxe ás consellerías para programar o inicio das actividades contempladas no plan de goberno da lexislatura

c. Garantir que os mecanismos de control financeiro e a execución orzamentaria son consistentes coas regras de xestión orzamentaria tendentes a garantir a eficiencia, eficacia e economía no gasto público

Algúns instrumentos para acadar este maior marxe de manobra se recollen na lei de orzamentos, como establecer reforzar fondos de continxencia/reservas de crédito ou

habilitar mecanismos de flexibilidade orzamentaria. Compre asimesmo flexibilizar temporalmente os límites para transferir recursos e así poder superar de xeito máis doado os problemas de financiamento de gastos extraordinarios que poidan aparecer.

6. Mellorar a transparencia, reforzar a credibilidade e enfocar o inicio da xestión do sector público autonómico na vindeira lexislatura, nun intre no que a documentación e os informes orzamentarios vóltanse máis valiosos que nunca para explicar as propostas do goberno fronte aos retos xurdidos.

Tentase aportar claridade a un escenario cambiante e complexo. A documentación orzamentaria brinda a oportunidade de mostrar sistematicamente as políticas e liñas de acción anunciadas, así como os efectos esperados.

7. Todo isto non impide proseguir o proceso de mellora continuada no proceso de orzamentación e xestión encamiñada a resultados, que pasa por unha mellora na definición de indicadores, avaliación e transparencia e rendición de contas. Os instrumentos básicos para desenvolvelo son a planificación estratéxica, a elaboración e implementación dos orzamentos e a avaliación dos resultados, que cobran máis valor aínda nun exercicio con tantas incertezas como o vindeiro.

